

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 11 DE XULLO DO 2024.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Once de Xullo do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 04/07/2024

**2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202407/108**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 08/07/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO", FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)"



### 3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202407/110

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 08/07/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA DE LAS OBRAS Y COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD PARA LA “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO (PIREP 2) - REACT-UE NEXT GENERATION””

### 4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 05/07/2024 (Registro de entrada nº 17.533), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Mojitos e Rosquillas), os días 17 a 24/07/2024, na rúa Rosalía de Castro (fronte á xoiería Nesperira), co motivo da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dous postos de venda ambulante (Mojitos e Rosquillas), os días 17 a 24/07/2024, na rúa Rosalía de Castro (fronte á xoiería Nesperira), co motivo da celebración da Festa da Dorna, por mor a que ese espazo xa foi solicitado e estará ocupado pola organización da Festa da Dorna.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Zapata

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Zapata**, de data 09/07/2024 (Registro de entrada nº 17.781), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 24/07/2024, na zona de Bandourrío, co motivo da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non autorizar** a **Manuel Petrovich Zapata** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 24/07/2024, na zona de Bandourrío, co motivo da celebración da Festa da Dorna, por mor a que ese espazo xa foi solicitado e estará ocupado pola organización da Festa da Dorna.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## 6.- CORRECCIÓN ERROS PUNTO 9 XGL 11 DE ABRIL DE 2024 (ADXUDICACIÓN POSTO DE MERCADO)

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 11 de abril de 2024 e que é do seguinte tenor literal:

### 9.-ADXUDICACIÓN POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26831**, por **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº \*\*\*542\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que **solicita adxudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal**.

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26866**, por **Dna. Mónica Luna Domínguez, DNI nº \*\*\*589\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en Paseo das Carolinas, nº 14, 15960, Ribeira no que **solicita adxudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000009 do Mercado Municipal**.

**CONSIDERANDO** que o **artigo 26 1. do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017)** establece que as concesións dos postos que vaian quedando vacantes, adxudicásense mediante licitación pública, a cal se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e consonte aos Pregos de condicións que para cada licitación acorde o Concello.

Por razóns imperioso de interese xeral, debido ás limitacións do número de postos existentes nos mercados, en ningún caso unha mesma persoa poderá ser titular de máis de dous postos, sexan ou non lindeiros. O titular de dous postos, se resultara adxudicatario dunha nova licitación, previamente á nova concesión, deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar o devandito compromiso na solicitude.

VISTAS as memorias presentadas polos candidatos e considerando ámbas idóneas.

**CONSIDERANDO** o principio xeral do dereito prior in tempore, potior in iure [Primeiro no tempo, preferido no dereito] debe relacionarse neste caso **coa primeira solicitude presentada**,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía con data 14 de xullo de 2023, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro**:-Adxudicar a **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº \*\*\*542\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que o **posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal, toda vez que foi a primeira solicitude recibida no rexistro municipal**.

A explotación do posto farase directamente polo titular da concesión. Entenderase que existe tal explotación directa sempre que o concesionario leve persoalmente o posto, asumindo a dirección efectiva do negocio que neste se desenvolva, sen prexuízo de que poida ter contratados un ou máis traballadores pola súa conta, debidamente dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

**Segundo**:-Requerir a **D. Manuel Ramón García Pérez** para que no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se adxudica a concesión deposite nas arcas municipais a taxa prevista ao efecto na **Ordenanza B.2.9, FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADOS MUNICIPAIS, Artigo 5 (BOP nº 71 de 17.04.2017)**.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e non poderá ser beneficiario dunha nova adxudicación.



**Terceiro**:-Serán dereitos do concesionario:

- a) Usar privativamente o espazo físico constitutivo do posto, nos termos e condicións que se establezan na concesión.
- b) Usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
- c) Entrar no mercado con anterioridade á apertura ao público para preparar a mercadoría, dando toda clase de facilidades para que a inspección sanitaria leve a efecto nas mellores condicións.
- d) Instalar nos postos respectivos os elementos necesarios para o exercicio da actividade mercantil correspondente, previa autorización da dirección do mercado.
- e) Solicitar, por motivo de imposibilidade de explotar directamente o posto, que lle substitúa a persoa que propoñan, sempre que se estea no caso contemplado no artigo 30.
- f) En xeral, todos os dereitos que se deriven da normativa reguladora.

**Cuarto**:- Serán obrigas do concesionario:

1. Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen incluír neste o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
2. Estar en posesión do carné de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto. O devandito documento deberá ser mostrado, cantas veces se requira, aos funcionarios habilitados para iso.
3. Comunicar, mediante escrito, á Delegación de Medio Ambiente e Consumo, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ao que se produza as citadas situacións.
4. Expoñer os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercien, en lugar visible e de forma clara, de maneira que poidan ser apreciados polos consumidores con total claridade.
5. Manter o posto aberto ao público ininterrompidamente durante o horario de venda ao público, salvo causa xustificada. Así mesmo, pechará diariamente o posto ao finalizar o citado horario, adoptando cantas precaucións sexan necesarias para evitar posibles sinistros.
6. Conservar os postos, así como as demais instalacións, en bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, depositando os lixos e desperdicios nos lugares sinalados para tal fin, polo que deberán ter implantados o Sistemas de Autocontrol.
7. Utilizar os instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a súa exactitude.
8. Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada. Para tales efectos, o Concello, oídas as asociacións de comerciantes, poderá declarar de obrigado uso certas pezas de uniforme, independentemente das esixidas na Regulamentación Técnico-Sanitaria que corresponda, durante o horario de venda.
9. Non sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados á súa venda, nin efectuar naqueles as operacións de desplumar, esfolar ou similares.
10. Non se negar á venda dos xéneros que teñan expostos para a súa comercialización.
11. Aboar o importe dos danos e perdas que o titular, familiares ou dependentes del, causaren aos bens obxecto da autorización, ás instalacións ou no edificio do Mercado.
12. Xustificar, cando foren requiridos, o pago dos impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.
13. Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para iso.
14. Estar en posesión do libro de follas de queixas / reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión del, establecido mediante o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as Follas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias.
15. Atender ao seu cargo os gastos de auga e electricidade producidos polos seus usos particulares nos postos que ocupen. Os devanditos gastos haberán de atenderse mediante contadores que os titulares afectados instalarán pola súa conta e cargo.



**FIRMANTE - FECHA**



16. Satisfacer a taxa correspondente ao posto adjudicado establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.
17. Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que o Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación. Tales obras esixiranse ou se autorizarán, previo os preceptivos informes da Xerencia Municipal de Urbanismo.
18. Manter sen alterar a actividade dos postos, salvo autorización do Concello.
19. Todas as obrigas establecidas para os prestadores de servizos no Título V da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, así como na normativa que lle sexa de aplicación

**Quinto:**-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Sexto:**-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

**ADVERTIDO** que no devandito acordo non se especificaba o número de posto (4) obxecto de adjudicación.

**CONSIDERANDO** que ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, sobre o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas  
*“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*

En consecuencia a Xunta de Goberno Local por unanimidade do seus membros, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía a través de resolución de 14 de xullo de 2023, acorda correxir o devandito erro, quedando o acordo redactado de xeito definitivo como segue:

#### **9.-ADJUDICACIÓN POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA**

**VISTO** o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26831**, por **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº \*\*\*542\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que **solicita adjudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal.**

**VISTO** o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26866**, por **Dna. Mónica Luna Domínguez, DNI nº \*\*\*589\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en Paseo das Carolinas, nº 14, 15960, Ribeira no que **solicita adjudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000009 do Mercado Municipal.**

**CONSIDERANDO** que o **artigo 26 1. do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017)** establece que as concesións dos postos que vaian quedando vacantes, **adjudicánsense mediante licitación pública, a cal se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e consonte aos Pregos de condicións que para cada licitación acorde o Concello.**

*Por razóns imperioso de interese xeral, debido ás limitacións do número de postos existentes nos mercados, en ningún caso unha mesma persoa poderá ser titular de máis de dous postos, sexan ou non lindeiros. O titular de dous postos, se resultara adjudicatario dunha nova licitación, previamente á nova concesión, deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar o devandito compromiso na solicitud.*

**VISTAS** as memorias presentadas polos candidatos e considerando ámbas idóneas.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241358510
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 12/07/2024	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/07/2024	Fecha: 12/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2024 12:53:08		Hora: 12:52



**CONSIDERANDO** o principio xeral do dereito prior in tempore, potior in iure [ Primeiro no tempo, preferido no dereito] debe relacionarse neste caso **coa primeira solicitude presentada,**

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL,** no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía con data 14 de xullo de 2023, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro:**-Adxudicar a **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº \*\*\*542\*\*\*** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que o **posto de venda Nº 4** adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal, toda vez que foi a primeira solicitude recibida no rexistro municipal.

A explotación do posto farase directamente polo titular da concesión. Entenderase que existe tal explotación directa sempre que o concesionario leve persoalmente o posto, asumindo a dirección efectiva do negocio que neste se desenvolva, sen prexuízo de que poida ter contratados un ou máis traballadores pola súa conta, debidamente dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

**Segundo:**-Requerir a D. Manuel Ramón García Pérez para que no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se adxudica a concesión deposite nas arcas municipais a taxa prevista ao efecto na **Ordenanza B.2.9, FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADOS MUNICIPAIS,** Artigo 5 (BOP nº 71 de 17.04.2017).

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e non poderá ser beneficiario dunha nova adxudicación.

**Terceiro:**-Serán dereitos do concesionario:

- Usar privativamente o espazo físico constitutivo do posto, nos termos e condicións que se establezan na concesión.
- Usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
- Entrar no mercado con anterioridade á apertura ao público para preparar a mercadoría, dando toda clase de facilidades para que a inspección sanitaria leve a efecto nas mellores condicións.
- Instalar nos postos respectivos os elementos necesarios para o exercicio da actividade mercantil correspondente, previa autorización da dirección do mercado.
- Solicitar, por motivo de imposibilidade de explotar directamente o posto, que lle substitúa a persoa que propoñan, sempre que se estea no caso contemplado no artigo 30.
- En xeral, todos os dereitos que se deriven da normativa reguladora.

**Cuarto:**- Serán obrigas do concesionario:

- Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen incluír neste o papel de envolver, que en todos os casos será gratuito para o comprador.
- Estar en posesión do carné de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto. O devandito documento deberá ser mostrado, cantas veces se requira, aos funcionarios habilitados para iso.
- Comunicar, mediante escrito, á Delegación de Medio Ambiente e Consumo, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ao que se produza as citadas situacións.
- Expoñer os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercien, en lugar visible e de forma clara, de maneira que poidan ser apreciados polos consumidores con total claridade.
- Manter o posto aberto ao público ininterrompidamente durante o horario de venda ao público, salvo causa xustificada. Así mesmo, pechará diariamente o posto ao finalizar o citado horario, adoptando cantas precaucións sexan necesarias para evitar posibles sinistros.
- Conservar os postos, así como as demais instalacións, en bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, depositando os lixos e



- desperdicios nos lugares sinalados para tal fin, polo que deberán ter implantados o Sistemas de Autocontrol.*
- 7. Utilizar os instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a súa exactitude.*
  - 8. Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada. Para tales efectos, o Concello, oídas as asociacións de comerciantes, poderá declarar de obrigado uso certas pezas de uniforme, independentemente das esixidas na Regulamentación Técnico-Sanitaria que corresponda, durante o horario de venda.*
  - 9. Non sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados á súa venda, nin efectuar naqueles as operacións de desplumar, esfolar ou similares.*
  - 10. Non se negar á venda dos xéneros que teñan expostos para a súa comercialización.*
  - 11. Aboar o importe dos danos e perdas que o titular, familiares ou dependentes del, causaren aos bens obxecto da autorización, ás instalacións ou no edificio do Mercado.*
  - 12. Xustificar, cando foren requiridos, o pago dos impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.*
  - 13. Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para iso.*
  - 14. Estar en posesión do libro de follas de queixas / reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión del, establecido mediante o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as Follas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias.*
  - 15. Atender ao seu cargo os gastos de auga e electricidade producidos polos seus usos particulares nos postos que ocupen. Os devanditos gastos haberán de atenderse mediante contadores que os titulares afectados instalarán pola súa conta e cargo.*
  - 16. Satisfacer a taxa correspondente ao posto adxudicado establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.*
  - 17. Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que o Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación. Tales obras esixiranse ou se autorizarán, previo os preceptivos informes da Xerencia Municipal de Urbanismo.*
  - 18. Manter sen alterar a actividade dos postos, salvo autorización do Concello.*
  - 19. Todas as obrigas establecidas para os prestadores de servizos no Título V da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, así como na normativa que lle sexa de aplicación*

**Quinto:**-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Sexto:**-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

**7.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DESTINADAS A ESTACIÓ DE SERVIZO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO CON TRES SURTIDORES, MARQUESINA E CASETA DE SERVIZOS. LUGAR: AVDA ROMERO CARREGAL REY. POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS, RIBEIRA. PROMOTORES: PLEONIL S.L.**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DESTINADAS A ESTACIÓ DE SERVIZO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO CON TRES SURTIDORES, MARQUESINA E CASETA DE SERVIZOS, NO LUGAR DE AVDA ROMERO CARREGAL REY. POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **PLEONIL S.L.**

**ACREDITADO** que o uso característico do edificio é o de instalacións de subministro de combustible para vehículos con acceso independente. O establecemento contará cos seguintes servizos:



- Zona de vending e pago – control.
- Estación de repostaxe de combustible, cunha dotación de tres surtidores multiproducto, marca PETROTEC, modelo P5000I 2P/4H, para subministro de 2 produtos diferentes (4 mangueriras).
- Servizo de aire e auga.
- Punto de recarga de vehículo eléctrico.

O servizo de repostaxe ofrecerá dúas variedades de combustible (Gasóleo e Gasolina SP-95), e prevese a instalación de tres surtidores multiproducto de dúas mangueriras, abastecidos de dous depósitos enterrados, cunha capacidade de 60.000 litros para Gasóleo e de 40.000 litros para Gasolina sen chumbo.

Para facer posible o abastecemento, dotarase ás instalacións de tres aparatos surtidores en tres isletas de repostaxe de catro mangueriras para vehículos lixeiros, dúas das cales serán para Diésel e outras dúas para Gasolina (SP-95).

O almacenamento de combustible realizarase mediante dous depósitos soterrados independentes nun foso, un dos tanques contará cunha capacidade de 60.000 l para Diésel e o outro cunha capacidade de 40.000 l para Gasolina SP-95.

As instalacións contarán cunha edificación auxiliar de 21,38 m<sup>2</sup>, unha marquesina rectangular de protección ao usuario cunha superficie total de cubrición de 280 m<sup>2</sup> e tres isletas nas que se situarán os surtidores.

A citada edificación auxiliar contará coa seguinte distribución: oficina, cuarto de instalacións, aseo accesible e zona de pago - control. A caseta terá unhas dimensións de 8,60 m x 2,48 m, unha superficie total construída de 21,38 m<sup>2</sup> e unha altura de fachadas a coroa de 2,95 m. Os seus cerramentos serán de panel sándwich de aceiro de 60 mm de espesor, sobre os que apoia unha cuberta inclinada conformada en panel sándwich de 80 mm de espesor. A edificación estará situada sobre unha soleira de formigón de 20 cm de espesor.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como

**VISTO** o **informe técnico** favorable de compatibilidade co PXOM emitido polo **arquitecto técnico municipal** con sinatura dixital o día **11 de xaneiro de 2024**,

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo arquitecto municipal con sinatura dixital de día **1 de xullo de 2024**,

**VISTA** a **Declaración de Incidencia Ambiental** favorable da actividade estación de servizo no enderezo Avda Carregal Rey, promovido por Pleonil S.L. (Expediente CO/2023/033 AME), emitida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, asinado o día **14 de febreiro de 2024** pola x. sección xestión Ambiental III Dña. Ángela de Miguel Espejo, asinado o día 20 de febreiro de 2024 pola xefa do servizo de calidade e avaliación ambiental Dña. Belén Quinteiro Seoane e asinado o día 20 de febreiro de 2024 pola xefa territorial Dña. Cristina Carrión Rodríguez,

**VISTO** o Informe emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas asinado dixitalmente o día **24 de maio de 2024** polo xefe de servizo D. Felipe de la Vega Gándaras indicando que a parcela onde se pretende executar a estación de servizo desatendida non ocupa terreos de





dominio público nin está na zona de afección da AG-11, ao non existir zonas de protección por estar considerado treito urbano segundo establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e da documentación

**VISTO** o **informe técnico** emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **2 de xullo de 2024**, en harmonía co informe do arquitecto municipal de 1 de xullo de 2024.

**VISTO** o **informe xurídico** emitido polo **secretario xeral da corporación** con data **2 de xullo de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte propoosta de acordo.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, no uso das competencias delegadas pola Alcaldía a través de decreto de 14 de xullo de 2023, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade **PLEONIL, S.L., LICENZA DE OBRAS (Nº 26/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DESTINADAS A ESTACIÓN DE SERVIZO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO CONS TRES (3) SURTIDORES, MARQUESINA E CASETA DE SEVIZOS** na Avda Romero CarregalRey, Polígono Industrial de Xarás, Ribeira en parcela catastral nº 0336918NH0103S0001UP, nos termos da Declaración de Incidencia Ambiental favorable da actividade estación de servizo no enderezo Avda Carregal Rey, promovido por Pleonil (Expediente CO/2023/033 AME), emitida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, asinado o día 14 de febreiro de 2024 pola x. sección xestión Ambiental III Dna. Ángela de Miguel Espejo, asinado o día 20 de febreiro de 2024 pola xefa do servizo de calidade e avaliación ambiental Dna. Belén Quinteiro Seoane e asinado o día 20 de febreiro de 2024 pola xefa territorial Dna. Cristina Carrión Rodríguez, do Informe emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas asinado dixitalmente o día 24 de maio de 2024 polo xefe de servizo D. Felipe de la Vega Gándaras, indicando que a parcela onde se pretende executar a estación de servizo desatendida non ocupa terreos de dominio público nin está na zona de afección da AG-11, ao non existir zonas de protección por estar considerado treito urbano segundo establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, así como da documentación técnica Proxecto unico industrial e de construción para unidade de subministro desantedida, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o día 4 de maio de 2023 do Anexo I ao Proxecto unico industrial e de construción para unidade de subministro desantedida, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o día 28 de setembro de 2023 do Anexo II ao Proxecto unico industrial e de construción para unidade de subministro desantedida, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o día 23 de febreiro de 2024 redactados todos eles polo Enxeñeiro Industrial Dr. Eloy Prada Hervella e co Enxeñeiro técnico Industrial colaborador D. Victor Lojo Paz, da Xustificación do cumprimento da normativa de accesos para unidade de subministro, asinado polo Enxeñeiro técnico de Obras Públicas D. Victor Domínguez Serantes, asinado dixitalmente o día 3 de maio de 2023 do Estudo xeotécnico, asinado dixitalmente polo Xeólogo D. Santiago Rodríguez Tascón, o día 18 de abril de 2023 da Memoria de actividade e incidencia ambiental, redactada polo Licenciado en Ciencias Biolóxicas D. Juan Manuel Forján Gómez, asinado dixitalmente o 3 de maio de 2024.

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de



Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construction, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

**QUINTO.-** Logo de rematar a obra, interesado deberá presentar **COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** así como **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra visado polo COETICOR .
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Informe acústico de medicións de conformidade co previsto no Decreto 106/2015, de 9 de xullo
- Resolución de incrición no rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos líquidos nos termos do disposto polo artigo 11 do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Permiso municipal de vertedura

**SIXTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso,



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241358510
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 12/07/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2024 12:53:08		Fecha: 12/07/2024 Hora: 12:52



- será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
  - Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
  - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
  - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
  - Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
  - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
  - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
  - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
  - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
  - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos:  
"1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QITAVO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO:-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra



respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**DÉCIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**8.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR composta PLANTA BAIXA. LUGAR: LUGAR DE BOUZA DA IGREXA, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ ANDRÉS LUSTRES MIRANDA**

**VISTA** a solicitude de e **licencia urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA, NO LUGAR DE BOUZA DA IGREXA,OLVEIRA (RIBEIRA)**, da que é promotor **D. José Andrés Lustres Miranda**.

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o **día 19 de xuño de 2024**.

**VISTO** o **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o **día 26 de xuño de 2024** en relación á superficie de **216,10 m<sup>2</sup> de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar de **440,53 €**.

**VISTO** o **contrato de cesión** asinado o **día 3 de xullo de 2024** por D. José Andrés Lustres Miranda, polo que cede a dominio a uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **216,10 m<sup>2</sup>** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **5 de xullo de 2024**,

**VISTO** o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **8 de xullo de 2024**



**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

Deixar sobre a mesa o expediente de referencia pendente dun maior estudo.

---

#### 9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11440 07.05.2024 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L. (C.P. DELICIAS,72, CORRUBEDO), mantemento de fachadas, revisión e limpeza de canalóns, na rúa Delicias, 72, Corrubedo.

- Segundo informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal se lle informa que:

*Deberán respectarse as cores existentes na fachada na actualidade, ou no caso de optar por uns novos, deberá respectarse o indicado na Guía de Cor e Materiais de Galicia, publicado pola Xunta de Galicia.*

---

#### 10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5556 05.03.2024 MARIA ASTRID DIOS FOLGAR (C.P. EDUARDO PONDAL, 18), realización de obras na cuberta, na rúa Eduardo Pondal, 18, Ribeira.

---

#### 11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6658 15.03.2024 MARIA ENCARNACIÓN BOUZAS CAAMAÑO, repicar parte da fachada do garaxe e encintar, colocar canalón para recollida de augas da terraza, na rúa do Vilar, Palmeira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á revisión do orzamento por parte dos servizos técnicos municipais.



#### 12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6978 20.03.2024 JAVIER FONTAÑA FALQUE, instalación de placas solares fotovoltaicas de autoconsumo na cuberta da vivanda, no lugar de A Graña, Couso.

#### 13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11522 07.05.2024 ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L. (CDAD. PRO. EDIFICIO ABESADAS II), mantemento de fachadas, rúa Carlos Casares, núm. 4-10, Ribeira.

#### 14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12307 15.05.2024 ANA BELEN MARIÑO BASOCO, construción de piscina para uso privado, no lugar de Lixó, Palmeira.

#### 15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Carlos Santamaría Blanco

**Visto** o escrito presentado por **Carlos Santamaría Blanco**, de data 06/06/2024, no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 001102600NH01A0001FT.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/07/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

##### 1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 6 de xuño de 2024.

##### 2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunhas parcelas. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe, deberá solicitarse a autorización respectiva

##### 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG



- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

#### 4. CONSIDERACIÓNS

##### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

##### 4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 001102600NH01A0001FT, no seu plano 2.15 de Ordenación Básico do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala E:1/5.000 como solo rústico de especial protección forestal.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

As condicións indicadas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, son as seguintes:

A Lei do solo, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.



- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
  - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
  - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
  - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
  - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
  - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
  - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
  - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os





- usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
  - Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
  - Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
  - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

## 5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

Non constan afeccións sectoriais nesta parcela.

---

## 16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.

**Visto** o escrito presentado por **TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.**, de data 03/06/2024 (Rexistro de entrada nº 14.066), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3647901NH0134N0001TI.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/07/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

### 1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202300014066 do día 3 de xuño de 2024.

### 2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística parcela con referencia catastral 3647901NH0134N0001TI.

### 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

### 4. CONSIDERACIÓNS



#### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

#### 4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 3647901NH0134N0001TI, no seu plano 3.2. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira), a escala E:1/2000, coma solo urbano Dotacional de equipamentos docente, sociocultural, administrativo, sanitario e deportivo, (Ordenanza 8.3), artigo 161 do PXOM, modificada segundo a modificación puntual aprobada definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través de Orden de data 2 de marzo de 2020 (DOG nº 68 de 7 de abril de 2020 e inscrito no Rexistro de Planeamento da Xunta de data de 08.04.2020) o expediente de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira na Ordenanza 8.3 dotacional e de equipamentos, faise público o documento que contén a Normativa e as Ordenanzas da citada modificación no BOP de A Coruña, tal e como establece o artigo 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en relación co art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tratase dunha ordenanza que regula as condicións da edificación dotacional que ten que ser utilizada con fins diversos. Dado que estas actividades poden ter características moi diversas, podendo formar grandes complexos de

proxecto unitario, ou polo contrario, ser a xustaposición de varios edificios especializados independentes, a norma zonal queda redactada en termos de grande flexibilidade con obxecto de amoldarse á capacidade de iniciativa e inversión. Ademais esta ordenanza pretende garantir a permanencia das edificacións existentes, con posibilidade de ser reformadas ou ampliadas para a súa adecuación ás futuras necesidades e esixencias.

#### Ámbito:

O ámbito de aplicación é o das zonas grafiadas e tramadas para este obxecto no Plano de Zonificación.

#### Réxime urbanístico e obtención:

As parcelas cualificadas coma equipamento non poderán destinarse a outra finalidade urbanística.

A pesar do anterior, o solo cualificado como equipamento poderá ser utilizado como espazo libre ou coma aparcamento ao aire libre en tanto non se destine ao seu fin concreto.

Ademais, os equipamentos públicos poderán substituír o uso previsto polo planeamento por outro uso dotacional público ou poderán destinarse a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos do municipio polo procedemento previsto legalmente.

Os terreos de titularidade privada que o planeamento destina a equipamento público obteranse polos sistemas determinados na lexislación urbanística vixente.

#### Obras admisibles:

En xeral, as obras de nova planta se admiten cumprindo as condicións que se establecen nas presentes Normas Urbanísticas, cas excepcións que se admitan.

En canto ás edificacións existentes, o Plan Xeral respecta os equipamentos públicos existentes. Neles son admisibles tanto as obras de ampliación así coma todo tipo de obras sobre os edificios existentes (demolición, reforma, etc.) así coma os cambios de uso para outro uso dotacional público distinto polo procedemento legalmente establecido.

Non obstante, as ampliacións dos equipamentos públicos existentes deberán cumprir os parámetros da edificación que determina esta ordenanza, cas excepcións que se admitan. Todo isto sen prexuízo da lexislación sectorial de aplicación en cada caso.

O réxime de obras admisibles e usos nos equipamentos privados existentes é o mesmo que para o resto das edificacións existentes.

En todo caso, os usos dotacionais que se desenvolvan sobre bens protexidos ou no seu entorno de protección ficarán suxeitos ao réxime de protección correspondente, ao igual cas obras admisibles nos mesmos.

#### Usos globais. Característicos. Compatibles e Prohibidos:



O uso global é o de dotacional de equipamentos.

O uso pormenorizado característico é o de dotacional de equipamento docente, socio cultural, administrativo, sanitario e deportivo.

En xeral, quedan prohibidos expresamente os usos industriais, terciario e residencial. Sen embargo, ademais do uso característico principal se poderá dispoñer calquera outro complementario que coadyuve aos fins dotacionais previstos, e que teña unha relación de dependencia directa do uso principal característico, con limitación no uso residencial xa que soamente poderá dispoñer dunha vivenda destinada a quen custodie o equipamento.

O uso dos equipamentos que se empracen nos solos afectados por todas as determinacións da lexislación de costas teñen as limitacións nela establecidas con respecto ao seu uso e dominio.

**Tipoloxías edificatorias:** En xeral, a tipoloxía edificatoria para esta zona é a de edificación en volume illado, con flexibilidade para a súa adaptación ás características específicas de cada edificio. Así mesmo se pretende conseguir unha edificación que quede rodeada de zonas peonís axardinadas que permitan unha gran permeabilidade de vistas e relacións entre edificios.

Sen embargo, segundo o caso, poderá considerarse conveniente que os equipamentos se adapten ao tipo de ordenación da zona onde se encadran, adoptando as condicións de composición urbanística acordes ca mesma, mantendo as aliñacións, liñas de edificación, liñas de cornisa, etc. das parcelas colindantes, de ser o caso (ou das mazás colindantes), ocultando medianeiras existentes ou futuras, etc.

En caso de medianeira existente nos lindeiros laterais, o Concello poderá considerar a necesidade de acaroar o equipamento a ela co fin de ocultala, total ou parcialmente, na medida do posible e reducir o seu impacto negativo.

#### PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

**Xeralidades:** En xeral serán de aplicación as condicións de edificación que se pormenorizan a continuación.

Sen embargo, en solo urbano os equipamentos públicos poderán exceder a altura máxima, a ocupación e reducir os recuados e o número de prazas de aparcamento en virtude das necesidades específicas do equipamento, da súa singularidade e/ou das características da parcela sobre a que se ubique, sempre que se xustifique convenientemente no proxecto.

**Condicións da parcela e parcela mínima:** A grafiada no Plan Xeral. No planeamento de desenvolvemento se considerará parcela mínima en solo urbano lja de 500 m<sup>2</sup>.

#### Condicións de ocupación:

A ocupación máxima da parcela será do 75%, ca excepción de parcelas ubicadas entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas e limitadas polo fondo de edificación, en cuxo caso o Concello poderá considerar conveniente que a ocupación quede limitada polo fondo máximo de edificación. En planta soto poderá ocuparse o 85% da superficie da parcela sempre que esta planta quede oculta na súa totalidade baixo a rasante da parcela.

#### Posición. Recuados e Fondo máximo:

A liña de edificación (ou aliñación interior) poderá situarse na aliñación oficial exterior ou recuarse desta. O Concello poderá considerar a conveniencia duna posición ou outra segundo as necesidades propias do equipamento e as ordenacións das parcelas ou mazás colindantes ca parcela dotacional.

En xeral, a posición da edificación distará dos lindes laterais e posterior de parcela unha distancia ou recuado igual a 1/2 da altura da edificación, excepto ca parcela dotacional se encontre ubicada entre outras con ordenacións de edificación entre medianeiras ou acaroadas, en cuxo caso o Concello poderá valorar a conveniencia de que o equipamento se acaroe total ou parcialmente ao linde.

En caso de medianeira existente nos lindes laterais o Concello poderá considerar a conveniencia de acaroar o equipamento a ela ca finalidade de ocultala, total ou parcialmente, na medida do posible e reducir o seu impacto negativo.

Só se establece fondo máximo cando o Concello o considere conveniente no caso de que a parcela se ubique entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas cuxo fondo estea limitado pola correspondente ordenanza de aplicación.

**Condicións de volume:** O volume da construción non está suxeito a ningunha outra determinación que a de cumprir o resto dos parámetros da edificación.

#### Edificabilidade:



A edificabilidade máxima é de 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, excepto no caso de equipamentos públicos nos que non se limita este parámetro.

**Altura da edificación:**

En xeral, as alturas máximas dispostas neste punto non poderán ser superadas mais que por elementos puntuais no caso de edificios singulares.

As alturas máximas serán as indicadas a continuación, excepto que a parcela dotacional se encuentre ubicada entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas, en cuxo caso o Concello poderá considerar a conveniencia de que a edificación dotacional manteña as alturas de cornisa e coroación das edificacións colindantes, total ou parcialmente, na medida do posible.

**Número de plantas:** o número máximo de plantas será o de 3 plantas medidas desde a rasante do terreo en contacto ca edificación.

**Altura da cornisa:** a máxima altura de cornisa será de 10 m. medida desde a rasante do terreo mais desfavorable e de 4 m. no de campings.

**Altura de coroación:** A altura de coroación máxima será a de 15 m. medidos desde a rasante do terreo mais desfavorable e de 7 m. no de campings.

**Elementos arquitectónicos:**

Non se computarán a efectos de edificabilidade a planta única baixo cuberta que quede por encima da altura de cornisa e dentro dos panos de cuberta que, arrancando da liña de cornisa, formen unha pendente máxima de 30 grados, nin os soportais ou porches abertos.

Os voos se axustarán ás condicións xerais de edificación definidas no artigo 91, e cunha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

**Peche de parcelas:**

O seu deseño deberá garantir a súa armonía ca paisaxe, debendo presentar ademais unha imaxe unitaria e un tratamento de calidade a nivel de deseño, acabado, cores e materiais acorde co entorno urbán no que se empraza. Só se permitirá o peche das parcelas con peches diáfanos ou con peches vexetais debendo ficar convenientemente pavimentado e axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindes da parcela, excepto instalacións que precisen doutro tipo de peche polo seu uso. Non se limita a altura máxima dos elementos de peche, debendo, en todo caso, ser a mínima precisa en función do seu uso e da súa mellor integración e congruencia co propio espazo dotacional e co seu entorno.

**Usos e urbanización dos espazos libres de parcela:**

Os espazos libres de parcela serán tratados e axardinados convenientemente, debendo reflectirse detalladamente o seu tratamento e usos no proxecto do edificio correspondente.

Deberán preservarse, na medida do posible, os exemplares vexetais existentes, sobre todo os de gran porte e os de especies autóctonas. Deste modo, en algúns casos isto poderá ser un condicionante clave para o emprazamento da edificación e a ordenación dos usos sobre a parcela.

Os espazos libres de edificación se destinarán a resolver as necesidades de aparcamento, de acceso rodado e, en xeral, de espazos axardinados ou peonís.

Nas zonas axardinadas, para cubrir as necesidades de terra vexetal, é convinte reservar a capa de terra vexetal procedente da roza inicial da parcela. Non convén abusar do uso do céspede, procurando o uso de especies tapizantes que precisen menos coidados e mantemento. Se empregarán sistemas de rego de baixo consumo e se incorporarán sensores de humidade. Se estudiará a posibilidade de empregar sistemas de reutilización de augas grises ou de almacenamento da auga da chuvia.

Nos espazos libres que se destinen a aparcamento en superficie non se admitirán mais obras que as de pavimentación, debendo facer compatible o uso de aparcamento co arborado. A localización dos aparcamentos dentro da parcela se seleccionará con criterios paisaxísticos e, en todo caso, de tal modo que se integren na paisaxe.

En relación cas TDUS (técnicas de drenaxe urbana sostible), se procurará empregar pavimentos drenantes en toda a superficie do espazo libre e, en todo caso, como mínimo no 15 % da superficie da parcela, salvo aqueles casos excepcionais nos que se permiten exceder as condicións de ocupación establecidas con carácter xeral.

**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 12/07/2024  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/07/2024  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2024 12:53:08



En canto á iluminación dos espazos libres de parcela, nos proxectos que definan a urbanización dos espazos libres de parcela se incluíra un capítulo que xustifique expresamente o Real Decreto 1890/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o “Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07”, ou normativa que o substitúa.

Condições ambientais e estéticas:

Os proxectos que definan a nova construción de equipamentos conterán a ordenación integral de toda a parcela sobre a que se ubicará a edificación, tanto dos espazos edificadas como dos peches e dos espazos non edificadas, podendo contemplar a execución de todas as actuacións previstas en varias fases de execución.

A edificación non estará suxeita a ningunha forma ou condición predeterminada, quedando libre para resolver o seu programa con toda liberdade; non obstante se recorda que a intención é a de conseguir un complexo con zonas axardinadas, cando as circunstancias da parcela e o seu entorno o permitan. Se dará a maior importancia ao axardinamento dos espazos libres y ao tratamento das zonas peonís con obxecto de establecer espazos de relación entre edificios e co medio.

En xeral, tanto as obras de urbanización necesarias nas parcelas como os volumes de edificación que se realicen evitarán producir impactos ambientais e paisaxísticos negativos.

Deberán preverse as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da edificación sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a mellor protección da paisaxe, así coma a preservación do patrimonio cultural e a singularidade tipolóxica da zona, de ser o caso.

As construcións e actividades se implantarán sobre o terreo adaptándose no posible á topografía existente.

En todo caso, debe quedar garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe.

Previo ao comezo das obras se debe retirar o substrato edáfico (terra vexetal) para a súa posterior utilización en tarefas de restauración e revexetación de aquelas áreas alteradas. O resto da terra procedente de desmontes se utilizará para recheo de bancais, no seu caso. No caso de non ser adecuada ou necesaria para elo, se retirará a vertedoiro controlado.

Cando, por razóns xustificadas, fose necesaria a creación de taludes, estes deberán ser proxectados de forma tal que no degraden a paisaxe, procurando así mesmo a súa revexetación e consolidación vexetal, o que tamén redundará na súa estabilidade.

Así mesmo, o deseño dos volumes edificatorios e dos materiais e texturas das fachadas e cubertas das construcións e dos peches e elementos vexetais deberá garantir que o resultado final teña o menor impacto posible sobre a paisaxe. Os equipamentos deberán dispoñerse sobre a parcela de forma tal que o solo ocupado pola edificación se integre na ordenación urbana, completando os espazos libres co acondicionamento adecuado que facilite a incorporación á paisaxe urbana.

O Concello poderá considerar conveniente que os proxectos que definan obras sobre edificacións existentes destinadas a equipamentos conteñan as obras de demolición de aqueles engadidos e/ou edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais ou outros motivos supoñan un efecto distorsionador para a armonía e estética do conxunto edificatorio.

#### Infraestruturas de telecomunicacións:

Procurarase que os novos equipamentos, tanto públicos como privados, se constrúan co seu respectivo proxecto de telecomunicacións.

#### Normativa sectorial:

Os edificios cumprirán as normativas sectoriais que se teñan redactado a estes efectos.

### 5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela presenta afección por estar dentro da zona de servidume de protección de costas, polo que deberá contar ca Autorización do Organismo competente en materia de protección de costas para levar a cabo calquera actuación.



### 17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rebeca González Prego

**Visto** o escrito presentado por **Rebeca González Prego**, de data 25/06/2024 (Registro de entrada nº 16.390), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 4137808MH9143N0001DZ e sita na Rúa Real nº 20, Corrubedo, Ribeira F.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/07/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 4137808MH9143N0001DZ e sita na Rúa Real nº 20, Corrubedo, Ribeira.

### 18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fernando Casas Iglesias

**Visto** o escrito presentado por **Fernando Casas Iglesias**, de data 02/07/2024 (Registro de entrada nº 17.110), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A026004100000KA e sita na Rúa da Muralla nº 36, polígono 26, parcela 410, Aguiño, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/07/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A026004100000KA e sita na Rúa da Muralla nº 36, polígono 26, parcela 410, Aguiño, Ribeira.

### 19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Carmen Blanco Castro

**Visto** o escrito presentado por **María del Carmen Blanco Castro**, de data 11/06/2024 (Registro de entrada nº 15.005), no que solicita que se expida autorización, o no seu caso declaración de innecesariedade para levar a cabo a división horizontal do inmovible con refª catastral nº 4050501NH0145S0001RF e sito na Rúa do Norte nº 128, Palmeira, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/07/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- En primeiro lugar cómpre sinalar que a figura da “*división horizontal*”, é, tal e como se deriva da súa lexislación reguladora, un acto de constitución dun réxime especial de propiedade. Así, de conformidade co previsto no artigo 1 da *Lei 49/1961, do 21*



de xullo, sobre propiedade horizontal: “A presente lei ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal. A efectos desta lei terán tamén a consideración de locais aquelas partes dun edificio que sexan susceptibles de aproveitamento independente por ter saída a un elemento común daquel ou á vía pública”. Pola súa banda, o artigo 2 da dita lei, sinala que é aplicable mesmo ás situacións de prehorizontalidade, é dicir, situacións nas que diferentes partes dun edificio son atribuídas a distintos propietarios, aínda que non se teña outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal. En definitiva, a propiedade horizontal é unha “forma especial de comunidade” sobre unha cousa única, de forma que, conforme a este réxime legal, as diferentes partes dun edificio poden ser propiedades independentes, mantendo a unidade xurídica da finca, única e indivisible.

Os requisitos legais para a constitución do réxime xurídico de propiedade horizontal resultan do previsto no artigo 396 do Código Civil que, dentro da regulación da comunidade de bens, establece: “Os diferentes pisos ou locais dun edificio ou as partes deles susceptibles de aproveitamento independente por ter saída propia a un elemento común daquel ou á vía pública poderán ser obxecto de propiedade separada, que levará inherente un dereito de copropiedade sobre os elementos comúns do edificio, que son todos os necesarios para o seu adecuado uso e desfrute, tales como o solo, vuelo, cimentacións e cubertas...”

En definitiva e, á vista do sinalado, cumprindo os requisitos legais esixidos poderá constituírse o réxime de propiedade horizontal, debendo terse en conta que se trata dun acto xurídico sobre o réxime da propiedade e non dun acto físico de división ou modificación dun inmovible.

Esta premisa determina o encaixe desta figura na normativa urbanística vixente, xa que o que prohíbe o artigo 149 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 367 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, é a división ou segregacións no solo rústico, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación. Non obstante, permítese segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinarmente existente.

Pero a división horizontal en ningún caso implica a división material da finca, ao manterse a unidade tanto do solo como do inmovible, sen prexuízo de que partes do mesmo poidan ser obxecto de propiedades separadas: a finca seguirá mantendo a súa unidade a efectos urbanísticos e non deixará de ser unha parcela única para calquera acto de nova construción ou modificación da construción existente, o que ten perfecto encaixe na normativa urbanística vixente.

SEGUNDO.- No que atinxe á necesidade de título habilitante para a constitución do réxime de división horizontal, cómpre sinalar que é a lexislación urbanística a que establece que actos están sometidos a licenza urbanística ou outro título habilitante municipal de natureza urbanística.

A división ou segregación de parcelas si constitúe un acto xurídico e non so material, do que se deriva unha transformación física de evidente transcendencia urbanística, que condicionan a construción, e está sometido a licenza urbanística, de conformidade co previsto no artigo 142.2.f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Pero non acontece o mesmo coa división horizontal, polo que este acto xurídico regulador do réxime do dereito de propiedade non está sometido á obtención de ningún título habilitante urbanístico, sen prexuízo do sinalado no artigo 53.a) do Regulamento de execución da Lei Hipotecaria, sobre Inscripción de Actos de Natureza Urbanística aprobado



polo Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, que establece que *“non poderán constituírse como elementos susceptibles de aproveitamento independente mais dos que se fixeran constar na declaración de obra nova, a menos que se acredite, mediante nova licenza concedida conforme ás previsións do planeamento urbanístico vixente, que se permite maior número. Non será de aplicación o disposto neste número ás superficies destinadas a locais comerciais ou a garaxes, agás que do texto da licenza resulte que o número de locais comerciais ou prazas de garaxe constitúe condición especial da súa concesión”*.

Esta norma non contempla que para o outorgamento da división horizontal sexa necesario obter unha licenza específica para o número de vivendas, senón que claramente se limita a establecer unha cautela especial para que os controis legais que se establecen para que a declaración de obra nova se axuste ao autorizado pola licenza non podan logo vulnerarse mediante modificacións na propiedade horizontal, por exemplo, declarando na división horizontal plantas ou volumes que non consta na obra nova; pola súa propia natureza esta norma so resulta aplicable ás declaracións de obra nova que se realicen en base a unha licenza e certificados técnicos de axuste á mesma, pero non ás que se declaran pola antigüidade dunha edificación consolidada e, ademais, require que na declaración de obra nova se fixera constar o número de vivendas do inmovible, o que so acontecerá cando o dito número sexa unha condición da licenza; e, finalmente, exceptúa os locais comerciais que tamén son obxecto de propiedade horizontal, o que revela tamén que a finalidade da norma é protexer o cumprimento das condicións autorizadas na licenza para a construción de novas vivendas.

### CONCLUSIÓN

Polo anteriormente exposto nos fundamentos xurídicos, respecto á solicitude presentada pola Sra. María Carmen Blanco Castro en relación inmovible con refª catastral nº 4050501NH0145S0001RF e sito na Rúa do Norte nº 128, Palmeira, Ribeira, se informa que non é necesario o outorgamento de licenza municipal para efectuar a división horizontal.

### 20.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Plenoil, S.L.

**Visto** o escrito presentado por David Bouza Fachal en representación de **Plenoil, S.L.**, de data 30/01/2023 (Registro de entrada nº 2.536), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0336918NH0103S.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto, Manuel Sabín Sabín, de data 31/01/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. y el PLAN PARCIAL del POLIGONO INDUSTRIAL, COMERCIAL y de SERVICIOS de XARAS, aprobado por la Comisión Provincial de Urbanismo, el 13 de Noviembre de 1.985. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral **0336918NH0103S** que está clasificada como **SUELO URBANO INDUSTRIAL**, con las siguientes determinaciones:

**Usos.**

Comercial e industrial

**Parcela mínima**





500,- m<sup>2</sup>

**Frente mínimo**

14,- m

**Altura máxima**

9,- m. Se permite mayor altura siempre que esta no supere el doble de la distancia al lindero más próximo.

**Retranqueos**

a) A vías, 5 m. mínimo

b) Laterales, 3,- m. mínimo, salvo acuerdo mutuo para adosar.

c) Fondo, 3,- m. mínimo.

**Ocupación máxima**

75 %

**Edificabilidad:**

5,5 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>

**Aparcamientos en la parcela**

La superficie mínima destinada a aparcamientos exteriores será una plaza de un mínimo de 20,- m<sup>2</sup> cada 100,- m<sup>2</sup> de superficie construida.

Dispondrá de igual número de plazas de aparcamiento interiores.

**Bloque representativo**

Altura máxima y el número de plantas del bloque representativo será de 12,- m y tres plantas

El fondo edificable máximo del bloque representativo será de 10,- m. en el caso que construya adosado a la nave, y 15 ,- m en bloque exento, con iluminación a ambas bandas y siempre que separe un mínimo de 6,. M. d la nave.

**Cierres**

Frontal, se podrán cerrar frontalmente las parcelas

La altura máxima de valla, será de 2,50 m. sobre la rasante del terreno. Será diáfano, pudiendo tener parte maciza que no supere los 0,80 m.

Laterales o de fondo,

La altura máxima de la cerca será de 2,50 m. Se escalonará cuando los accidentes del terreno acusen diferencias de cotas superiores a 1,- m.

---

## 21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

14599 07.06.2024 MIGUEL ÁNGEL VÁZQUEZ SALGUEIRO, comunicación previa de primeira ocupación de cambio de uso de local comercial a vivenda, na rúa Amarella, nº 2, entrechan A, Ribeira.

---

## 22.- VAO PERMANENTE – Carlos Alberto Teira Parada

Visto o escrito presentado por **Carlos Alberto Teira Parada**, de data 02/07/2024 (Registro de entrada nº 17.120), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Romero Ortiz, nº 53 (Ribeira).



**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 07/07/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Carlos Alberto Teira Parada**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Romero Ortiz, nº 53 (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
  - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### 23.- SOLICITUDE REGULACIÓN DE TRÁFICO EN RÚA COROSO – Camping Coroso, S.L.

**Vistos** os escritos presentados por Joaquín María Santos Iglesias en representación de **Camping Coroso, S.L.**, de datas 20/05/2024 e 03/07/2024 (Rexistros de entrada nº 12.719 e 17.245), nos que solicita a eliminación dalgúns aparcadoiros na vía de entrada/saída do Camping Coroso, con pintado de liña amarela nas dúas marxes da vía que discorre paralela ao portal camping, co fin de evitar os problemas de circulación no verán.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 08/07/2024, no que sinala:

*“Debido a la proximidad de la playa, el acceso al **Camping Coroso** soporta mucho trafico de vehículos en época estival , actualmente la via esta regulada de una sola dirección de entrada y una distinta de salida .*

- *El camping dispone de una reserva de via con linea amarilla longitudinalmente continua de aproximadamente 6 metros, pintada a la entrada del mismo careciendo de vado permanente “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA SOBRE VAOS PERMANENTES E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE E OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERES PARTICULAR, consultados los archivos de la Policia Local, no hay constancia de que esta linea amarilla esté abalada por ningún informe policial. Según indica el representante del camping necesita más reserva de espacio mediante el pintado de más metros de linea amarilla.*

*Para la concesión del pintado de linea amarilla es condición indispensable la solicitud de vado permanente, en función de los metros necesarios para facilitar la maniobra de salida y giro a la derecha, como única alternativa de vehículos, caravanas y autocaravanas que salen del camping.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante que, segundo o informe policial, **para a concesión do pintado de liña amarela é condición indispensable a solicitude de vao permanente**, en función dos metros necesarios para facilitar a manobra de saída e xiro á dereita, como única alternativa de vehículos, caravanas e autocaravanas que saen do camping.



**24.- PROPOSTA DE RETIRADA DE XARDINEIRA FIXA POR OBSTACULACIÓN DE ZONA DE CARGA/DESCARGA EN PASEO DAS CAROLINAS (RIBEIRA).**

**Vista** a proposta presentada pola Policía Local, de data 04/07/2024, relativa á retirada dunha xardineira fixa que obstaculiza una zona de carga/descarga “express” no Paseo das Carolinas, nº 4 (Ribeira), e no que sinala:

*“Visto que, efectivamente, ese xardín supón un gran obstáculo para o aparcamento dos vehículos que se dedican ao transporte profesional de mercadorías, precisamente na zona habilitada para as labores de carga e descarga (zona azul “express” de 15’), se suxestiona a súa retirada.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á retirada da xardineira fixa que obstaculiza una zona de carga/descarga “express” no Paseo das Carolinas, nº 4 (Ribeira), segundo o sinalado no citado informe policial.

**25.- AUTORIZACIÓN PARA UTILIZAR A PISTA POLIDEPORTIVA DA TASCA PARA UNHA FESTA DE INCHABLES E DA ESPUMA E PERMISO PARA UTILIZAR O CAMPO MUNICIPAL DA TASCA PARA UN CAMPIONATO, Á “A.C. O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO”. AMBAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NAS FESTAS DO CARME 2024**

LOGO DE VER que D. Raul Santos Sampedro, en representación da “A.C. O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO”, presenta escrito de data 30-06-2024, con número de rexistro de entrada municipal 16.831, solicitando:

1. *“PERMISO PARA USAR O CAMPO DE FÚTBOL PEQUENO DE AGUIÑO (AO LADO DO CAMPO DA TASCA) PARA CELEBRAR A FESTA DE HINCHABLES E DA ESPUMA, DENTRO DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO CARME 2024 A TARDE DO 13 DE XULLO.*
2. *PERMISO PARA USAR O CAMPO DE FÚTBOL DA TASCA DE CARA Á CELEBRACIÓN DE VARIOS PARTIDOS DE FÚTBOL DENTRO DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO CARME 2024 A TARDE DO 14 DE XULLO.*
3. *REALIZAR OS TRÁMITES PERTINENTES ANTE PORTOS E A EMPRESA DE SUMINISTRO ELÉCTRICO DO CONCELLO PARA INSTALAR UN CUADRO ELÉCTRICO NO CAMPO DA FESTA COA FINALIDADE DE DAR LUZ Á CANTINA DA COMISIÓN.*
4. *REALIZAR OS TRÁMITES PERTINENTES ANTE PORTOS E A EMPRESA DE SUMINISTRO ELÉCTRICO DO CONCELLO PARA CORTAR A ILUMINACIÓN DO PORTO DURANTE A TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO DA NOITE DO 16 AO 17 DE XULLO DE 2024.”*

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di: *“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.*



3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:  
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
4. Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas nas instalacións solicitadas.
5. O departamento de deportes só é competente para informar-propoñer sobre os 2 primeiros apartados da solicitude.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 08-07-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 08/07/2024.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización á "A.C. O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO", para poder utilizar a pista polideportiva da Tasca e o campo municipal de fútbol da Tasca, cos seguintes condicionantes:

1. Estas autorizacións concédense para:
  - O **13 de xullo de 2024** ao longo de toda a tarde, a pista polideportiva da Tasca para a celebración dunha festa de inchables e da espuma.
  - O **14 de xullo de 2024** ao longo de toda a xornada, o campo municipal da Tasca para a celebración de varios partidos de fútbol.
2. Ambas autorizacións serán gratuítas, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse de actividades de carácter social e formativa. Estas autorizacións non eximen de outras que poidan ser necesarias tanto a nivel público coma privado.
3. Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos e recreativos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
4. O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
5. As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
6. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
7. En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
8. Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



## 26.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN II BANDEIRA DE TRAIÑAS – CONCELLO DE RIBEIRA

LOGO DE VER que D. Jesús Silva Vidal, en representación do “Club de Remo Náutico de Ribeira”, presenta escrito de data 04-07-2024, con número de rexistro de entrada municipal 17.439, solicitando autorización para realizar a II Bandeira de Traiñas – Concello de Ribeira, o 28 de xullo de 2024 no porto de Aguiño. Tamén solicita:

- A presenza da Agrupación Local de Protección Civil do Concello de Ribeira, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac), dende as 11.00 h. ata as 12.30 h. na zona exterior do peirao de Aguiño.
- A presenza dunha patrulla da Policía Local de Ribeira, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes na súa entrada ao porto no horario indicado.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:  
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 05-07-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 08/07/2024.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Sexa autorizada a celebración da II Bandeira de Traiñas – Concello de Ribeira ao Club de Remo Náutico de Ribeira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **28 de xullo de 2024** ao longo de toda a mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e Protección Civil de Ribeira).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



#### FIRMANTE - FECHA



## 27.- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AMBAR PARA A CELEBRACIÓN DA X CARREIRA POLA DIVERSIDADE

LOGO DE VER que Dna. Milagros Rey Pérez, en representación da asociación “Ambar”, presenta escrito de datas 05-04-2024, con número de rexistro de entrada municipal 8521, solicitando autorización para poder celebrar a X CARREIRA POLA DIVERSIDADE, o domingo 14 de xullo de 2024, con saída e chegada no Centro de Raqueta Sta Uxía. Tamén solicita:

- A reserva do aparcamento fronte Centro de Raqueta de 8.00 a 14.00 horas.
- A cesión de 25 vallas.
- Poder utilizar as instalacións do Centro de Raqueta (baños, duchas, almacén e toma de corrente) durante a celebración do evento.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:  
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 05-07-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 08/07/2024.

### A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Conceder autorización á Asociación Ambar para realizar X CARREIRA POLA DIVERSIDADE, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **14 de xullo de 2024** de 08.00h. a 14.00h.. Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- Ceder para o desenvolvemento da proba 20 vallas.
- Ceder as instalacións do Centro de Raqueta para a utilización de baños, duchas, almacén e toma de corrente.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



#### FIRMANTE - FECHA



- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

## 28.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO DE DEGUSTACIÓN E PROMOCIÓN DO LIRIO DE RIBEIRA NA FESTA DO DORNA

**Vista** a proposta do Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á autorización celebración evento de degustación e promoción do lirio de Ribeira na Festa da Dorna, na que expón:

“

- *Recíbese petición presentada por Pablo Pérez Martínez con DNI 52938146N, en nome da Sociedad Cooperativa del Mar Santa Eugenia con CIF F15025877, data de 01/07/2024 (núm. Rexistro entrada 202417056), interesando Promocionar o lirio de Ribeira na Festa da Dorna a través dunha degustación.*
- *A data do evento 24 de xullo de 2024.*
- *A ubicación é na zona do Coroso. Achega Plano de ubicación.*
- *Manifesta que colocarán un stand con catering para a desgustación e promoción do lirio de Ribeira, marca rexistrada pola propia Cooperativa del Mar Santa Eugenia.*

*Solicita instalar unha carpa na zona de Coroso nun espazo de 9 metros cadrados e que será desinstalada o mesmo día 24 de xullo ao remate do evento.*

*É do noso interese apoiar a iniciativa da Sociedad Cooperativa del Mar Santa Eugenia*

- ✓ *Co seu esforzo e dedicación contribúan a enriquecer a oferta gastronómica coa promoción do lirio de Ribeira.*
- ✓ *Promoven a participación de diversos sectores da poboación; tanto de persoas locais coma de visitantes que acoden ao noso municipio na tempada estival e á Festa de Dorna.*
- ✓ *Aberto para toda a cidadanía.”*

Por todo o exposto, **A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1. **Autorizar a instalar a carpa na que se colocará un stand con catering para a degustación e promoción do lirio de Ribeira o mércores 24 de xullo na zona de Coroso.**
2. **Deberán adoptar todas as medidas sanitarias e de seguridade pertinentes.**
3. **Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.**

## 29.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO DE DEGUSTACIÓN E PROMOCIÓN DO LIRIO DE RIBEIRA EN AGUIÑO

**Vista** a proposta do Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á autorización celebración evento de degustación e promoción do lirio de Ribeira en Aguiño, na que expón:

“



- Recíbese petición presentada por Pablo Pérez Martínez con DNI 52938146N, en nome da Sociedade Cooperativa del Mar Santa Eugenia con CIF F15025877, data de 01/07/2024 (núm. Rexistro entrada 202417055), interesando *Promocionar o lirio de Ribeira o 20 de xullo en Aguiño, a través dunha degustación (coincidindo coa regata da Euskolabel Liga de traíñas ACT que se celebrará o 20 de xullo en Aguiño en horario de 17:00 a 20:00 horas).*
- A data do evento 20 de xullo de 2024.
- A ubicación é na zona do portuaria. Achega Plano de ubicación no cal se distribuen os diferentes espazos para a alaiga ACT .
- Manifesta que colocarán un stand con catering para a desgustación e promoción do lirio de Ribeira, marca rexistrada pola propia Cooperativa del Mar Santa Eugenia.

Solicita instalar unha carpa na zona portuaria de Aguiño nun espazo de 9 metros cadrados e que será desinstalada o mesmo día 20 de xullo ao remate do evento.

É do noso interese apoiar a iniciativa da Sociedade Cooperativa del Mar Santa Eugenia

- ✓ Co seu esforzo e dedicación contribúan a enriquecer a oferta gastronómica coa promoción do lirio de Ribeira.
- ✓ Promoven a participación de diversos sectores da poboación; tanto de persoas locais coma de visitantes que acoden ao noso municipio con motivo da regata da Euskolabel Liga de traíñas ACT.
- ✓ Aberto para toda a cidadanía.”

Por todo o exposto, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- 1. Autorizar a instalar a carpa na que se colocará un stand con catering para a degustación e promoción do lirio de Ribeira o mércores 20 de xullo na zona de portuaria de Aguiño. Deben estar en posesión de todos os permisos e autorizacións de portos. A tramitación dos mesmos está sendo xestionada pola propia organización da regata da Euskolabel Liga de traíñas ACT .**
- 2. Deberán adoptar todas as medidas sanitarias e de seguridade pertinentes.**
- 3. Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.**

### 30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CESIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS – Partido Popular de Ribeira

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, relativa á solicitude autorización cesión de uso temporal de instalacións municipais (Sala Polivalente do Novo Auditorio Municipal de Ribeira) polo Partido Popular de Ribeira, na que expón:

“

- *Recíbese petición presentada por Elvira Pisos Arnoso, en nome do Partido Popular de Ribeira, de data 25/06/2024 e número de rexistro electrónico 2024 16317 interesando dispor da Sala Polivalente do Novo Auditorio de Ribeira para realizar o congreso comarca do Partido Popular ó día 17 de xullo de 2024 en horario de 11.00 a 14.00 horas para preparación e adecuación da sala e de 16.30 a 22.30 horas para a celebración do dito congreso.*

*Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a*





*utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar o Uso da Sala Polivalente do Novo Auditorio Municipal de Ribeira ao solicitante** para celebrar o Congreso Comarcal do Partido Popular o día 17 de xullo de 2024, en horario de 11.00 a 14.00 horas para preparación e adecuación da sala e de 16.30 a 22.30 horas para a celebración do dito congreso, cos seguintes **Condicionantes**:

1. As necesidades técnicas para a execución deste acto serán a cargo do organizador debendo comunicar previo á celebración do evento nome e apelidos do/a profesional, persoal técnico que asumirá o servizo.
2. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
3. Deberá subscribir Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
4. Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
5. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
6. Calquera outro gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos).
7. Respetar o aforo de sala (120 butacas).

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade con anterioridade ao inicio da celebración do programa.**

### 31.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS

**VISTA** a proposta presentada pola Alcaldía, de data 03/07/2023, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

**VISTO** que a finalidade do devandito convenio consiste na difusión da Obra de Manuel María e, en concreto na colaboración no desenvolvemento do IV Edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais en Galego, que ten por obxecto promover a representación da súa obra teatral entre o público galego.

A Xunta de Goberno Local, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro.**- Aprobado o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a colaboración do Concello de Ribeira na



IV Edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais en Galego.

**Segundo.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

### 32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL E OUTRAS ACTIVIDADES EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Felipe Fernández Carracedo (PENÍN)

**VISTO** o escrito presentado por **Felipe Fernández Carracedo**, en representación do establecemento “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), de data 03/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.275), no que solicita permiso para evento musical e outras actividades lúdicas (Festa da espuma (19/07/2024) – Toro mecánico (20/07/2024)) no exterior do establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), os días 19 a 24/07/2024, , co motivo da celebración da Festa da Dorna.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a Felipe Fernández Carracedo, para evento musical e outras actividades lúdicas (Festa da espuma (19/07/2024) – Toro mecánico (20/07/2024)) no exterior do establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), os días 19 a 24/07/2024, co motivo da celebración da Festa da Dorna.

\*Deberá estar en posesión da correspondente póliza de seguros de responsabilidade civil para o citado evento, e deberá gardar as debidas medidas de seguridade para os participantes.

\*Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Gastrocervercería Penín” (Ribeira) (**Felipe Fernández Carracedo**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade*



*portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

**CUARTO.-** Notificar asimismo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimismo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



### 33.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Javier Souto González (BEIZOS)

Visto o escrito presentado por **Javier Souto González**, en representación do establecemento hostaleiro **Beizos Gastrobar**, de data 08/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.665), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

### 34.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

Visto o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Aloha**, de data 05/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.496), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 13/07/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 13/07/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

### 35.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Sonia María Vidal Queiruga (RETABLO)

Vistos os escritos presentados por **Sonia María Vidal Queiruga**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Retablo**, de data 08/07/2024 (Rexistros de entrada nº 17.719, 17.728 e 17.718), nos que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 25/07/2024, 26 ao 27/07/2024 e 31/08/2024 ao 04/09/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 25/07/2024, 26 ao 27/07/2024 e 31/08/2024 ao 04/09/2024.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



**36.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Arnaud Ventura (ARCOS)**

**VISTO** o escrito presentado por **Manuela Arnaud Ventura**, en representación do establecemento “Arcos Café” (Ribeira), de data 19/06/2024 (Registro de entrada nº 15.804), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Arcos Café” (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a Manuela Arnaud Ventura, para evento musical no establecemento hostaleiro “Arcos Café” (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

\*Deberá estar en posesión da correspondente póliza de seguros de responsabilidade civil para o citado evento, e deberá gardar as debidas medidas de seguridade para os participantes.

\*Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Arcos Café” (Ribeira) (Manuela Arnaud Ventura), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



*vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.*

